

- Acta da Xuntanza do SPG -

26 de xuño de 2015, na Casa Colorida, Nigrán

Asistentes (15): Antía, Ánxeles, Anxo, Begoña, Belén, Daniel, David, Diana, Javier, Marta, Olga, Pequeno, Ricardo, Rossana, Uxío

Seguimos a orde do día traballada por David, [colgada aquí](#). Modera David, e toma acta Daniel.

19:30 – 1. **Avaliación do compromiso de traballo**

Acórdase distribuir as tarefas con claridade e compromiso, dúas persoas por tarefa, para asegurar que ésta cumprírase. Ao longo das xuntanzas distribuíranse según vaian saíndo.

19:40 - 2.a-c **Proposta do procedemento de verificación**

Fálase dunha verificación menos formal, cara unha visita para coñecerse e afianzar os lazos de confianza. Discútese e apróbase as propostas feitas por David. Sobre o 'Procedemento de verificación', modifícanse algúns puntos.

4. Defínese como principio orientativo o de distribuír as visitas entre as diferentes familias pertencentes ao SPG.

6. Acórdase distribuír as visitas de verificación como obrigatorias para tódolos membros, tendo que facer cada un 3 visitas anuais e recibir unha. Fálase máis adiante, que o terceiro visitante pode ser un voluntario alleo ao SPG.

8. Prefírense as estacións primaveira, verán e outono para as visitas de horta.

9. As analíticas se farán unicamente en casos excepcionais e xustificadas, repercutindo o seu custo ao cargo da horta visitada se con ela se confirma a sospeita pola que se decidiu facer a analítica, e ao cargo do SPG se fora o contrario.

20:10 – 2.d **Follas de visita**

□ Horta e plantón: Apróbase, engadindo como novos campos tipo de explotación, participación no SPG e outros criterios mínimos de membresía, forma de comercialización, e observacións.

□ 20:30 Pequeno comercio: Engádesse o cadro de condicións laborais.

□ 20:40 Grupos de consumo: Engádense criterios de consumo. Xunto co pequeno comercio, se lles dará unidade a estas follas, engadindo tamén cadros para os criterios mínimos de membresía.

20:55 - 3 **Comunicación**

Infórmase de que cumprido un ano, compre facer a achega voluntaria a Saramaganta, que se sacará da caixa común das cuotas na asemblea constituínte.

Avalíase o uso das ferramentas dixitais, acordando simplificar moito. Co que abandónase o uso da rede e da wiki imaxinaria, para funcionar unicamente a través da páxina web <http://spg.saramaganta.info/>, da rolda spg@roldas.saramaganta.info, e dunha conta de correo spg@saramaganta.info (mentres non haxa un nome propio do spg e decida cambiarse).

Acórdase enviar as fotos e textos de presentación a Uxío <aveigadopalheiro@gmail.com> para encher a páxina web de contido.

Responsables de ter lista a web, **Uxío e Daniel**

De cara a revisión dos textos e criterios a aprobar na asemblea constituínte, repártese así: **Diana** revisa os criterios de Pequeno comercio, **Ánxeles** os de Grupos de consumo, **Uxío** os de Horta e **David** o Regulamento de réxime interno. **David** revisará tamén a tradución e corrección de textos públicos cara o galego normativo.

Logos e nomes: A súa decisión queda aplazada para a assemblea constituinte, polo que prégase que se fagan propostas vía online.

21:20 – 4 **Preparación da Asamblea Constituinte**

Celebrarase o 9 de agosto, no local de Árbore.

Antía e Marta estarán atentando ao rexistro de asistentes e a organización do calendario de visitas.

Sobre o xantar, que ha de ser vexetariano segundo os principios do local de Árbore, cada un levará o seu.

Fica pendente asignar a tarefa de moderación e organización da assemblea constituinte. Acórdase seguir organizando a assemblea pola rolda de correo.

Cada un cara as súas redes, fará publicidade de esta Asamblea Constituinte, redirixindo á web. Falta un texto de invitación.

Como outros puntos tratados, Uxío acudirá ao encontro do “Rural Quere Xente”

21:45 – **Péchase a assemblea**